

**ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCION DE UN CONDUCTOR DE VEHICULO MOTOBOMBA, PARA O CONCELO DE PORTOMARIN.**

No Salon de Plenos do Concello de Portomarin, ás **dez horas do día vinteseis de xullo de dous mil dazaseís**, reúnense as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o tribunal que valorará o proceso selectivo para a provisión dun posto **DE UN CONDUCTOR DE VEHICULO MOTOBOMBA**, de acordo coas bases aprobadas ao efecto por Resolución da Alcaldía.

**Titulares:**

**Presidente:** D<sup>a</sup>. Alicia de la Iglesia López

**1º Vogal:** D. José Antonio Varela Vázquez

**2º Vogal:** Dna. Margarita Viña Santos

**3º Vogal:** D. Serafin Rodriguez López

**Secretario:** D. José Luis Vázquez Méndez

A Sra. Presidente declara constituído o Tribunal e acto seguido procédese ao chamamento dos aspirantes admitidos, presentándose os que a continuación se relacionan:

D. Jose Luis Arias Santaefemia

D José Antonio Bruzos Diaz

D. José Angel Rivas Folgueira

Seguidamente, de conformidade co previsto nas bases, procederáse á selección por concurso –oposición. A valoración dos méritos non terá carácter eliminatorio e non se terá en conta para superar as probas da fase de oposición, realizándose con posterioridade ao remate da fase de oposición e soamente aos/as aspirantes que a superaron.

A fase de oposición consistirá nun cuestionario tipo test de 20 preguntas, con tres respostas alternativas, elaborado por esta Presidencia en colaboración co Distrito Forestal (xunto coa plantilla das respostas correctas) e custodiado por a mesma. Entrégase o mesmo aos aspirantes para a súa realización nun tempo máximo de 40 minutos, de conformidade co previsto nas bases.

Unha vez rematado, e correxidos os mesmos de conformidade cos criterios establecidos nas bases, outórganse as seguintes puntuacións:



D. Jose Luis Arias Santaufemia : **11 puntos**  
D José Antonio Bruzos Diaz : **13.50 puntos**  
D. José Angel Rivas Folgueira: **20 puntos**

Polo tanto de conformidade co establecido nas para a superación do test un mínimo de 10 puntos, superan o mesmo os tres aspirantes presentados. Seguidamente procédese á valoración dos méritos, dos aspirantes. Unha vez realizada a fase de oposición e valorados os méritos dos que superaron a mesma, obtéñense as puntuacións que a continuación se detallan:

APELLIDOS E NOME	PROBA TIPO TEST	EXPERIENCIA LABORAL	FORMACIÓN ESPECÍFICA	CELGA	PROTECCIÓN CIVIL	TOTAL
Jose Luis Arias Santaufemia	11,00	2.10	---	0.25		<b>13,35</b>
José Antonio Bruzos Diaz	13,50	0.90	0.30	0.25	1	<b>15.95</b>
José Angel Rivas Folgueira	20,00	--	0,80	1	1	<b>22.80</b>

En virtude do anterior, o Tribunal por unanimidade **ACORDA**, propor ao Sr. Alcalde, a contratación, que estará condicionada pola superación da proba física e do recoñecemento médico, **D. JOSE ANGEL RIVAS FOLGUEIRA**.

E non sendo outro o obxecto desta reunión finaliza o presente acto, dipoñendo o Sr. Presidente que se redacte a presente acta que suscriben todos os membros do Tribunal sendo ás catorce horas do expresado día, do que eu Secretario, dou fe.

Fdo. Jose A. Varela Vázquez

Fdo. Serafin Rodriguez López

Fdo. Margarita Viña Santos

Fdo. Alicia de la Iglesia Lopez

Fdo. José L. Vázquez Méndez

